



Cántabase esto... “Voces daba el marinero” pola mañá e cantábase “Miña nai mandoume á fonte”. E polo... cuando ibas ao mediodía xa é cando dicía “Alta va la luna, alta como el sol de mediodía” polo mediodía día cantábase esa, i a tarde outra que dicía: “Andándome paseando pola tarde dúas horas” pero eu non sei “... un caballero” non sei qué... O caso é que tamén é que... unha señora que iba a unha romería i un señor meteuse con ela, e ela decía “deixame ir con ... a esta santa romería” e decíalle... “deixarlle con un ...” non sei qué. E dice que lle caiu un puñal i ela que llo clavou e que lle dice: “No me digas en tu tierra ni tampoco en la mía que ... un caballero con las armas ...” E decíalle “hache ser tan calado como a gaita en romería” tamén era moi bonita pero eu eso non o sei. I esa cantábase pola tarde.

- E esta do Emperador?

Tamén pola tarde, pero sirve igual pola mañá que pola tarde. Esa sirve igual mais cantábase máis ben pola tarde.